



área pública

www.ccoo.gal



#RecuperarLoArrebatado

Presupostos Xerais do Estado 2018

IMOS RECUPERAR O ARREBATADO!

Dereitos laborais • Emprego público • Poder adquisitivo



área pública

IMOS RECUPERAR O ARREBATADO!

Dereitos laborais • Emprego público • Poder adquisitivo

¿SABÍAS QUÉ?

- ▣ **Defender os servizos públicos** é esixir un correcto financiamento das Administracións -do Estado, autonómica e local- que nos garanta o acceso universal a uns servizos de calidade e a igualdade de oportunidades. Para iso debemos esixir tamén como algo imprescindible unha reforma fiscal progresiva.
- ▣ **Reforzar os servizos públicos**, como sanidade, ensino, servizos sociais e dependencia, atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, augas, xustiza, prestacións de seguridade social, servizos de atención ao público, entre outros, mellora a calidade de vida, a cohesión social, dinamiza a economía e xera emprego.
- ▣ **Esixir un aumento nos investimentos públicos** é apostar por un avance nas nosas infraestruturas -estradas, ferrocarrís, portos, telecomunicacións, etc.- que, ademais de xerar emprego, garante a cohesión social e territorial.
- ▣ **Reverter servizos públicos privatizados** é apostar por unha eficiencia económica, pola calidade dos servizos e do emprego.

POR TODO ISO, CCOO ESIXE

EMPREGO

- ▣ Que se desenvolva integramente o **Acordo para a mellora do emprego público**, universalizando as ofertas a todos os servizos.
- ▣ **Ofertas de emprego público** que recuperen o que se perdeu e acaben coa excesiva temporalidade nas Administracións públicas. Ofertas excepcionais e ofertas ordinarias, incluíndo a Administración instrumental.

SALARIOS

- ▣ É imprescindible **subir os salarios**.
- ▣ **Recuperar o 5 % furtado no 2010**, pagas extraordinarias e todos os conceptos económicos eliminados durante a crise, para recuperar o poder adquisitivo perdido.
- ▣ **Garantir unha suba salarial por riba do IPC**.

NEGOCIACIÓN COLECTIVA

- ▣ **Recuperar os distintos ámbitos da negociación colectiva**.
- ▣ **Desenvolver o Estatuto básico do empregado público** en todos os seus ámbitos.
- ▣ **Recuperar o resto de dereitos arrebatados**, como a prestación ao 100 % por incapacidade temporal, formación, acción social, etc.
- ▣ **Canto á xornada laboral, recuperar e estender as 35 horas**.

DEFENSA DOS SERVIZOS PÚBLICOS

- ▣ **Freo ás privatizacións e reversión dos servizos públicos privatizados**.
- ▣ **Dotación de medios suficientes aos servizos públicos** para un desenvolvemento eficaz e eficiente da súa actividade como garante dos dereitos de cidadanía.
- ▣ **Cláusulas sociais, medioambientais e de igualdade obrigatorias na contratación pública**, que garantan a eficiencia e transparencia do servizo, así como o emprego, as condicións laborais e a subrogación das persoas traballadoras.
- ▣ **Recoñecemento dun marco de negociación para todo o sector público instrumental**.
- ▣ **Plans de prevención de riscos laborais e de emerxencia** fronte á sinistralidade laboral para o conxunto de traballadoras e traballadores no sector público.